



Data Rexistro: 04/01/2018 11:18:26
Nº Rexistro: 2018000066

SAIDA

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

28.26253.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL RELATIVA Á RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS AS GÁNDARAS PORRIÑO COMO ENTIDADE BENEFICIARIA DO PLAN DE PRÁCTICA LABORAL EN EMPRESAS 2016 (R.P.Nº2017022045)


De conformidade co disposto nas bases da convocatoria do Plan de práctica laboral en empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra 2016 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade ratificar a seguinte Resolución Presidencial:

- Resolución Presidencial nº 2017022045 de data 1 de decembro de 2017, que resolve aceptar a renuncia da *Asociación de Empresarios As Gándaras Porriño* como empresa beneficiaria do Plan de práctica laboral en empresas, corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra 2016 por non dispor de espazo e equipos informáticos para acoller á persoa bolseira adxudicada.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 26 de decembro de 2017

O Secretario,



Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.